



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 8/2018

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

En Ordes, a vinte e oito de setembro de dous mil dezaoto.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D^a. Ana María Soneira Liñares, Alcadesa en función (Decreto delegación de data 28/09/2018), e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Non asiste:

- JOSE LUIS MARTÍNEZ SANJURJO.
- PAULA CASTENDA BLANCO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que da lectura á Declaración Institucional asinada por todos os grupos políticos e concelleiros desta Corporación Local en relación coa instalación dun vertedoiro de residuos non perigosos na parroquia de Lesta, Ordes, que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

“Pola Asociación de Afectados polo Vertedoiro de Residuos non Perigosos de Lesta solicitouse que polo Pleno do Concello se pronuncie novamente sobre o expediente que se está a tramitar pola Xunta de Galicia para autorizar a instalación dun vertedoiro de residuos non perigosos e residuos de construción e demolición a emprazar, nos lugares de Porto Fieito e Fonte do Trigo, parroquia de Lesta, Ordes

Con data 31 de agosto de 2016 o Pleno do Concello de Ordes por unanimidade dos grupos políticos que integraban a Corporación Municipal (PP, UxO, BNG, grupo mixto-PSdeG-PSOE), adoptou os seguintes acordos:

1.- Manifestar a súa repulsa á instalación dun vertedoiro de residuos non perigosos, promovido por Reciclaje Ambiental Lesta S.L., no concello de Ordes, por danar os intereses socioeconómicos e ambientais do concello e da comarca de Ordes.

2.- Declararse contrario á centralización do almacenamento e xestión de residuos de toda Galicia na comarca de Ordes, o cal resulta antieconómico e medioambientalmente obsoleto.

3.- Previamente á aprobación provisional e definitiva do PXOM, previo informe do equipo redactor e axustándose ao sinalado no art. 34.2.c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, estableceranse como solo rústico de especial protección os terreos precisos para protexer á poboación de ra de San Antón Hyla arborea (agora Hyla molleri), e a totalidade do rego, que nacendo en fonte do Trigo, alimenta o caudal do Rego de Lesta (afluente do río Lengüelle), que forma parte do hábitat da citada poboación de ras.

No DOG nº 161, do venres 24 de agosto de 2018, publicouse o anuncio de data 8 de agosto de 2018, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se fai pública a Declaración de Impacto Ambiental para o proxecto dun vertedoiro de residuos non perigosos e residuos da construción e demolición, sito no lugar de Lesta, no concello de Ordes (A Coruña), promovido por Reciclaje Ambiental Lesta, S.L. (clave do expediente 2016/0197).

Dende a Asociación entenden que esta Declaración de Impacto Ambiental é contraria a dereito en moitos dos seus extremos, motivo polo que presentarán as alegacións oportunas e mesmo será recorrida no momento de tramitación oportuno.

Entre outras cuestións a Asociación entende que na Declaración de Impacto Ambiental non se teñen en conta as alegacións presentadas por esta Asociación no relativo a aceptación social. Compre lembrar neste senso que se demostrou o carácter cando menos “parcial”, senón mesmamente falso, do estudio de aceptación social que se incorporaba no documento exposto ao público e fronte ao cal se presentaron case dez mil sinaturas así como os acordos plenarios do Concello de Ordes e da Deputación da Coruña.

A Asociación entende que a Declaración de Impacto Ambiental é contraria aos acordos tomados polo Pleno do Concello de Ordes de data 31 de agosto de 2016 e mesmo o desautoriza.

Polo exposto, os concelleiros integrantes da Corporación Municipal de Ordes abaixo asinantes subscriben os acordos seguintes:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

1.- Ratificar os acordos adoptados con data 31 de agosto de 2016 en relación coa implantación dun vertedoiro de residuos non perigosos e residuos da construción e demolición, promovido por Reciclaje Ambiental Lesta S.L., no concello de Ordes.

2.- Comprometerse a presentar alegacións na tramitación da Declaración de Impacto Ambiental cando sexa requirido a tal efecto, e sempre con carácter previo a Avaliación Ambiental Integral, e mesmo recorrer calquera outro acto administrativo que poida conducir á implantación do vertedoiro no Concello de Ordes e mesmo na comarca. Facilitará así mesmo a incorporación ao expediente dos informes técnicos contrarios a instalación do vertedoiro que aporte a Asociación.

3.- Comprometerse a estudar e no caso de consideralas correctas asinar e remitir copia do escrito de alegacións que formule a Asociación de afectados polo vertedoiro.

4.- Dar traslado á Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio deste acordo, manifestando o seu rexeitamento á decisión da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático relativa a Declaración de Impacto Ambiental para o proxecto dun vertedoiro de residuos non perigosos e residuos da construción e demolición, sito no lugar de Lesta, no concello de Ordes (A Coruña), promovido por Reciclaje Ambiental Lesta, S.L. (clave do expediente 2016/0197) por ser contraria aos intereses socioeconómicos, ambientais e sanitarios do concello e da comarca de Ordes.

5.- Dar traslado do presente acordo a todos os grupos políticos representados no Parlamento Galego”.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Pola Sra. Alcaldesa en funcións procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 27/07/2018, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria de data 27/07/2018, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Pola Sra. Alcaldesa en funcións infórmase:

- Notificación de data 21/09/2018 da Resolución do IDAE pola que se concede unha axuda para o proxecto: Mellora da eficiencia enerxética na climatización da piscina climatizada comarcal Iván Raña Fuentes (substitución da deshumectadora actual por unha de alta eficiencia), por importe de 102.256,00 €,
- Notificación de data 21/09/2018 da Resolución do IDAE pola que se concede unha axuda para o proxecto: actuacións de aforro enerxético nos alumeados públicos do concello de Ordes (renovación parcial das instalacións de alumeado exterior do



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

municipio de Ordes, 296 puntos de luz e 278 brazos, actualización de 9 cadros de mando), por importe de 109.343,00 €.

- Resolución da Deputación Provincial de distribución IAE da Central Térmica de Meirama, correspondenlle a Ordes para o ano 2018 o 3,6 %, 10.556,00 €.

Os Srs. concelleiros danse por decatados.

3. MODIFICACIÓN DO ART. 5 (COTA TRIBUTARIA) DAS ORDENANZAS FISCAIS Nº 18 E Nº 19, REGULADORAS DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AUGA POTABLE E DA TAXA DE SUMIDOIROS, PARA O EXERCICIO 2019.

Expediente de modificación do art. 5 (cota tributaria) das Ordenanzas fiscais nº 18 e nº 19, reguladoras da taxa por prestación do servizo de auga potable e da taxa de sumidoiros, para o exercicio 2019.

Visto o ditame favorable da Comisión Especial de Contas, de data 25/09/2018, e informe de Secretaría.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que é unha subida coa que non están de acordo, así ven establecida no contrato coa subida do IPC anual. Van absterse para facilitar a tramitación e o cumprimento do contrato.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (5 grupo político PP, 1 grupo político mixto-PSOE, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), coas abstencións (3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente:

- Modificación ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa por prestación do servizo de auga potable (art. 5: cota tributaria).
- Modificación ordenanza fiscal nº 19 reguladora da taxa de sumidoiros (art. 5: cota tributaria).

cuxos textos modificados figuran anexos á proposta de Alcaldía que encabeza o expediente.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar os expedientes na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

3.- Rematado o período de información pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

4. SOLICITUDE CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA: FESTA DO LACÓN CON GRELOS EN MESÓN DO VENTO, ARDEMIL, ORDES (ART. 11.1.C do DECRETO 4/2015, DE 8 DE XANEIRO).

Expediente de declaración de festa de interese turístico de Galicia: Festa do lacón con grelos en Mesón do Vento, Ardemil, Ordes

Visto o disposto no art. 11.1.c do Decreto 4/2015, de 8 de xaneiro.

Vista a Memoria explicativa xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos para solicitar esta declaración.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Solicitar do Consello da Xunta de Galicia a declaración de festa de interese turístico de Galicia: Festa do lacón con grelos en Mesón do Vento, Ardemil, Ordes.
2. Dar traslado do presente acordo, xunto coa documentación establecida no art. 11.1 e 2 do Decreto 4/2015, de 8 de xaneiro á Axencia de Turismo de Galicia, a efectos de tramitación do correspondente procedemento de declaración.

5. APROBACIÓN CONTA XERAL, EXERCICIO 2017.

Expediente instruído para a aprobación da Conta Xeral desta entidade local, correspondente ó exercicio de 2017, rendida e formulada de acordo co disposto no art. 212 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e as regras 97 e seguintes da Instrución do modelo normal de contabilidade local, contendo así mesmo dita conta tódalas partes que se contemplan na mencionada Instrución de contabilidade, xustificándose mediante os documentos e libros de contabilidade que se establecen nesta.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que as Entidades locais como xestores de fondos públicos teñen a obrigaón de informar, xustificar e responsabilizarse da actividade económico-financeira que realizaron durante un ano. Para iso, teñen que elaborar as súas contas anuais que reflicten a forma na que se desenvolveu esta actividade. A rendición de contas é o acto administrativo mediante o que os responsables da xestión dos fondos públicos ou cuentadantes informan, xustifican e responsabilízanse da aplicación dos recursos postos á súa disposición nun exercicio económico. A responsabilidade en que se concreta a rendición de contas é independente da responsabilidade na que incorran quen adoptou as resolucións ou realizaron os actos reflectidos nas devanditas contas, e así, a regra 49, apartado 4, da ICAL sinala que a aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas. As Entidades locais están obrigadas a render as súas contas ao Tribunal de Contas e aos Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas, OCEX, e esta obrigaón é a que se denomina como obrigaón de render contas. Os órganos de control externo, Tribunal de Contas e os OCEX, teñen asignadas as funcións do control sobre a actividade económico financeira das administracións públicas, para garantir que esta actividade realízase de acordo coas normas e de forma eficiente. Entre estas funcións está controlar e impulsar que as Entidades locais elaboren e rendan as contas anuais. Ademais moitos axentes necesitan e demandan a información que conteñen as contas anuais das Entidades locais: os órganos de xestión, para poder tomar decisións, os plenos das Entidades locais, Asembleas legislativas das Comunidades Autónomas, Cortes Xerais, os cidadáns, empresas ou institucións financeiras aos cales lles interesa coñecer, por diferentes motivos, cal foi a actividade económica das Entidades locais e a súa situación financeira e patrimonial. O artigo 201 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais establece a obrigaón ás Entidades locais de render as súas contas. De acordo co artigo 223 da mesma norma, as Entidades locais están obrigadas a aprobar e render a Conta xeral do exercicio. A Conta Xeral está formada polas contas anuais da Entidade local e das súas entidades dependentes e os estados que compoñen as contas anuais son o Balance de situación, a conta de resultados económico patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo, a liquidación dos orzamentos e a Memoria. A Conta xeral é un conxunto de documentos e estados que a Entidade local ten que elaborar ao final de cada ano para informar sobre: A situación do patrimonio, é dicir, a situación dos bens e dereitos da Entidade local, do seu financiamento e dos seus préstamos e débedas ao final do ano. Os gastos, ingresos, beneficios e perdas da Entidade local durante o ano ao que se refire a Conta xeral. Como se executou o orzamento da Entidade local, é dicir, ofrece información sobre canto e en que se gastaron os recursos que se obtiveron nese ano, cantos recursos obtivéronse no ano e cales foron eses recursos. Tamén se informa sobre a forma na que se realizaron eses gastos e ingresos. A Lei establece cal debe ser esa información e como se debe elaborar. En concreto, a información que teñen que elaborar ao finalizar o ano é a denominada Conta xeral, que se atopa regulada nos artigos 208, 209, 210 e 211 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e nas Instrucións de Contabilidade Local. A estes efectos a citada Conta Xeral contén todos os documentos que a deben integrar. Reiterar que, de conformidade co disposto na regra 49, apartado 4, da ICAL, a aprobación da conta xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas. Tal e como sinala o Tribunal de Cuentas no seu informe de fiscalización do Sector Público Local, exercicio 2015, “A conta xeral dunha entidade local, tal e como se establece no artigo 212.5 do TRLRFL, considérase rendida cando está aprobada polo Pleno da mesma, non entendéndose como tales as remitidas sen data de aprobación”. O expediente da conta xeral que se presenta para a súa aprobación plenaria inclúe a totalidade da documentación e dos estados



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

contables aos cales refírense tanto o TRLRFL como a ICAL. A dita conta foi formada pola intervención municipal, a cal elaborou tamén un informe explicativo da mesma para unha mellor comprensión das distintas magnitudes contables e orzamentarias, se ben ningunha norma expresa a necesidade da emisión do mesmo. No que respecta á tramitación da Conta Xeral, convocouse aos membros da Comisión especial de contas o 1 de xuño para a celebración da mesma o día 26 de xuño, sendo informada favorablemente pola dita Comisión. De conformidade co disposto no artigo 212.3, unha vez ditaminada, expúxose ao público, mediante anuncio no BOP nº 127 do 5 de xullo, por espazo de quince días hábiles, durante os cales e oito máis, contados a partires do seguinte á inserción do dito edicto no BOP, ao obxecto de que todos os interesados poidan examinala e formular as reclamacións, reparos ou observacións que estimasen pertinentes. Transcorrido o mencionado prazo non se presentou reclamación, reparo ou observación algunha. Cómpre, pois, o sometemento ao Pleno Corporativo da aprobación da Conta Xeral, para que poida ser aprobada antes do 1 de outubro. A Conta Xeral debe renderse, debidamente aprobada, aos órganos de control externo: Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, antes do 15 de outubro. Se ben do que se trata é de aprobar que a Conta Xeral reflicte o que sucedeu economicamente no exercicio, ven sendo como a aprobación da acta anterior que se realiza como punto independente nos Plenos, e a modo informativo e para xeral coñecemento faremos, de seguido, un breve resume das magnitudes que se deducen do informe elaborado pola intervención. Respecto ao Balance: Diminuíu lixeiramente o activo fixo respecto ao total, pasando do 96,93% ao 95,56%. Incrementáronse os recursos permanentes respecto ao pasivo total, do 90,28% ao 91,72%. O pasivo a longo prazo: créditos con entidades e co Estado pola devolución da PIE, diminuíu de 3.698.853,30 a 3.148.507,55 €, porcentualmente nun 14,88%. O pasivo a curto prazo, acredores e a parte dos préstamos a pagar no exercicio seguinte incrementouse de 1.424.433,59 € a 1.471.518,99, nun 3,31%. O fondo de manobra: diferenza entre os recursos permanentes e o activo fixo ou, o que é o mesmo, entre o activo circulante e o pasivo a curto prazo, é positivo por importe de 1.006.467,62 €. Como o seu propio nome indica, o fondo de manobra refírese á capacidade, manobra, que ten unha empresa, neste caso unha Administración, para poder atender os seus pagos a curto prazo e, á vez, poder realizar investimentos necesarios. Se nun momento determinado se tivesen que devolver todas as débedas a curto prazo: pasivo corrente, que acumulou a corporación, o FM é o que quedaría do activo corrente. O dito fondo de manobra incrementouse nun 94,83%. No que respecta ao endebedamento diminuíu o total e o endebedamento a longo prazo, incrementándose lixeiramente o endebedamento a curto prazo. Así a débeda total por habitante pasou de 404,40 € a seren de 367,25 €, diminuíndo nun 9,19% respecto ao exercicio anterior. Respecto ao endebedamento total comparado cos recursos ordinarios pasou do 63,43% ao 57,54%. Do sinalado dedúcese un alto grao de liquidez e solvencia. Respecto ao Resultado económico-patrimonial: Xerouse un incremento do patrimonio, isto é, un beneficio, de 2.436.227,94 €, superior ao do exercicio anterior nun 14,77%. Respecto ao estado de fluxos de efectivo: O importe do efectivo a 31 de decembro foi de 2.223.708,76 €, superior ao do exercicio anterior nun 31,72%. Respecto á liquidación dos orzamentos: O grao de realización dos dereitos por operacións correntes foi moi elevado, do 100,34 %. Respecto ás operacións de capital foron do 58,04%. Polo que respecta ao grao de realización das operacións non financeiras en total acadaron o 91,09%. Respecto aos estados de gastos, a execución acadou o 89,07% no caso das operacións correntes e o 79,73% do total. Os pagos líquidos foron do 90,55% das obrigas recoñecidas. O aforro neto legal é positivo ascendendo a 1.679.604,95 €, representando un 20,56% dos ingresos liquidados por operacións correntes, sendo o nivel de endebedamento bancario de 42,70% dos mesmos, incluíndo os préstamos da Deputación. O resultado orzamentario axustado legal é positivo por importe de 809.835,05 €. O remanente de tesourería para gastos xerais foi de 1.228.734,47 €. A liquidación dos orzamentos cumpre co obxectivo de



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

estabilidade orzamentaria (capacidade de financiamento de 994.319,51 €, regra de gasto, límite de débeda e período medio de pagamento. Remarcado o feito de que non se trata de analizar se a xestión foi boa ou mala, xa que desta responderán, de ser o caso, os xestores, senón que a aprobación da conta ven sendo un acto formal necesario para a súa rendición aos órganos de control externo.

Visto o ditame favorable da Comisión Especial de Contas, de data 26/06/2018, e informe de intervención.

Visto que durante o período de exposición ó público da Conta Xeral mediante anuncio no BOP nº 127, de data 05/07/2018 e taboleiro de anuncios do Concello non se formularon reclamacións algunha contra esta.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSG-PSOE, que sinala que consideran esta aprobación un simple trámite administrativo e non entorpecerán a súa aprobación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que analizados os informes de intervención con respecto a esta conta xeral, detectan como este goberno municipal miente cando afirma que se está a facer unha brillante xestión económica, saneando as contas do concello como nunca se fixo en Ordes. Se analizamos as táboas que figuran no informe de intervención ollan como no ano 2011 a débeda de dez millóns cento oitenta mil euros, no 2012 redúcese nun millón douscentos mil euros, no 2013 en un millón catrocentos cincuenta mil euros, no 2014 baixa un millón catrocentos mil euros. Non 2015 entrou o novo goberno a débeda baixa cincocentos cincuenta mil euros, no 2016 baixa catrocentos cincuenta mil euros, no ano 2017 baixa cincocentos mil euros. Se se gasta menos do que se ingrese redúcese a débeda. Non traten de vender na prensa enganando á veciñanza que este goberno esta saneando as contas, cando se ollamos para atrás o anterior goberno tería unha xestión brillante, que para nada comparten, tampouco a do goberno actual. A xente ten que coñecer estes datos cando o goberno sae dicindo estas mentiras. Este goberno é incapaz de frear o sangrado da poboación de Ordes. No 2015 baixa a poboación con respecto a 2014 en sesenta e oito habitantes. No ano 2016 baixa en cento sete persoas. No ano 2017 baixa en oitenta e nove habitantes. En tres anos a poboación de Ordes diminúe en douscentos sesenta e catro habitantes e segue baixando. O goberno non é quen de aplicar as políticas necesarias para que Ordes se manteña ou incluso aumente poboación como están a facer concellos de arredor. O Alcalde di que o saldo vexetativo é negativo, morre máis xente da que nace, pero tamén lle afecta o saldo migratorio. No conxunto destes tres anos o saldo migratorio é negativo, no ano 2016 e de menos oitenta e catro persoas, o record deste que existen rexistros dende 1990. É algo que levan advertindo en anteriores contas xerais, este goberno segue a manter contratos caducados con prórroga tácita dos mesmos que non está permitida pola lei de contratos, observación que indica o interventor no seu informe de notas de reparo, por exemplo reparación de danos, limpeza casa da cultura, limpeza edificio casa consistorial, limpeza de edificios municipais mantemento de colexios e pavillóns, mantemento de campos de fútbol, servizo de guindastre. Despois de dous anos de



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

gobierno non se pode dicir que é unha xestión herdada. Se non están solucionadas é unha cuestión de vontade política, en dous anos e medio houbo tempo para solucionarlas.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que cando o PP estaba na oposición, que non é o mesmo que gobernar, criticaba a nosa xestión. Para nos están non son as nosas contas. Falaban de que ían baixar a débeda, a 31 de decembro de 2017 á débeda está catro millóns seiscientos mil euros. Ven un aumento da débeda a curto prazo. No 2015 estaba nun millón douscentos, no 2017 está en un millón catrocentos mil euros. Aumenta e non sabemos por que. Tamén aumenta para os habitantes no concello. Eles tiñan noventa e catro euros e pasan a cento un euros. Aumentan as obrigas pendentes de pago, non 2015 cincocentos noventa e un mil euros e no 2017 un millón cento cinco mil euros. Abusaron dos expedientes de modificación de créditos por un valor de dous millóns oitocentos cincuenta mil euros. O grao de execución do orzamento foi máis baixo que no 2015 que foi do noventa e tres por cento, que este ano foi do oitenta e catro con setenta e cinco. O orzamento non estivo ben feito, senón non habería tanta variación. É moi fácil criticar estando na oposición, gobernar é máis difícil. O anterior goberno coa crise chegou a unha débeda de dez millóns pero en tres anos pasamos a cinco millóns, pero non coa colaboración do PP que non quixo apoiar o préstamo do Estado. Gracias a ese préstamo saímos da crise. As cousas son así, as contas non son as que acaban de ler. As contas deste ano son peores que as do ano pasado. No poden por iso aprobar estas contas, non son as que eles farían.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que sorprendería que UxO ou BNG falasen ben das contas. Non lles sorprende. UxO non tivo unha xestión brillante, endebedaron o concello ata dez millóns de euros. Non se falou do plan de pago a provedores do ano 2012. Como dixo o voceiro do PSOE este é un documento administrativo. Revisen o padrón os señores do BNG non sabe de onde quitan os datos. En canto aos contratos administrativos caducados quedan tres pendentes, herdaron doce. A débeda a curto prazo son as facturas que entraron nos derradeiros días do ano. O período medio de pago a provedores é de dezaseis días, por debaixo do período medio de pago. Vostedes non o cumprían, pasaban moitos máis días e incluso meses sen pagar. A débeda bancaria actual é de so dous millóns de euros. As modificacións de crédito foron obrigadas ao estar a traballar cun orzamento prorrogado, que entrou en vigor en setembro de 2017, aínda así executaron o oitenta e catro por cen. Non enganen á poboación, non dramaticen, os que menten son vostedes.

Pola Sra. Alcaldesa en funcións ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que na táboa do informe do interventor di que o período medio de pago son corenta e seis con setenta e seis días, trinta días máis. O dito, creen que non é tal o saneamento das contas do concello como queren facer ver á veciñanza. Se un gasta menos do que ingresa claro que baixa a débeda. Seguen sen poder aplicar políticas que reduzan esa perda de poboación no concello, se segue a medida que estamos tendo podemos chegar a unha cifra de poboación inferior aos doce mil habitantes non ano 2024. Os contratos seguen a estar caducados, que actualmente so son tres pode ser, están a falar da conta do ano 2017, a voceira do goberno refírese ao ano 2018, pero no 2018 son catro por que tamén caducou o da escola infantil e este xa non é herdado, é do actual goberno que non tivo interese de sacar antes a licitación para evitar esa caducidade. Ao igual que estiveron en



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

contra das contas do anterior do goberno, tamén o están coas deste, van a votar en contra da súa aprobación.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (5 grupo político PP, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Raña), cinco votos en contra (3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG) e coas abstencións (1 grupo político PSOE-mixto, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2.017 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

2º.- Render a Conta Xeral ao Tribunal de Contas desta Comunidade Autónoma, nos termos previstos no art. 223.2 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e na Regra 51.2 da Instrución do modelo normal de contabilidade local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro).

6. RECLAMACIÓN CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA REDUCCIÓN DA RATEO NO CEIP CASTELAO.

Pola Sra. García Gómez, concelleira delegada educación, dáse lectura á proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

“As mestras de Educación Infantil, a dirección do Colexio ADR CASTELAO de Ordes, a ANPA CASTELAO e as familias de infantil, nunha reunión á que asistiu a Concelleira Delegada de Educación, acordaron trasladar a esta Alcaldía a petición de apoio do pleno do Concello de Ordes á solicitude dun mestre/a para a redución da rateo nas aulas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con motivo da supresión dun mestre/a titor/a na etapa de Educación Infantil, quedaron dúas aulas de 3 anos con 26 nenos/as cada unha. A experiencia que nese centro educativo se ten pola elevada rateo en dúas aulas de 5 anos o levan a solicitar e reivindicar un mestre/a para a redución da rateo nestas aulas polos motivos seguintes:

- A Atención Individualizada que se promulga dende a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) vese seriamente comprometida polo elevado número de alumnos/as por mestre/a, que pode aumentar nos próximos cursos por mor das flexibilizacións e polas novas incorporacións de transporte e comedor que son de obrigada admisión, podendo chegar a rateo a 28 nenos/as por aula.
- A detección de NEAE, de especial importancia nas aulas de 3 anos, resulta moi complicada debido á falta de tempo e atención que se debe prestar ao alumnado para a detección precoz destas necesidades.
- Así mesmo, o resto dos nenos/as merecen unha atención individualizada, sobre todo tendo en conta que moitos deles (concretamente 14) aínda non cumpriron os 3 anos de idade.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

- Os apoios dos que se dispón no centro, aínda estando optimizados ao máximo nestas aulas, resultan insuficientes cubrindo so unha parte pequena do tempo en aula.
- En canto ao currículo que se debe impartir, tamén se ve afectado, sendo moi complicado acadar os obxectivos propostos nas programacións didácticas. O traballo por proxectos iniciado en cursos anteriores así como a participación en programas de innovación como o plan Proxecta vense claramente prexudicados polas elevadas rateos das nosas aulas. Incluso a participación activa das familias e outros membros da comunidade educativa nas aulas resulta practicamente imposible co número tan elevado de nenos/as por aula.
- Especialidades como Psicomotricidade e Música e actividades que se realizan na biblioteca e a aula de informática que requiren dun desprazamento a outros espazos do colexio, refiren serias dificultades á hora de realizar ditos desprazamentos e á hora de controlar a todo o alumnado debido a curta idade do alumnado de Infantil (2 a 5 anos).
- As instalacións dos aseos pola súa localización, posto que se encontran fora das aulas, fai case imposible a supervisión do tempo nos aseos.
- O centro educativo dispón dunha aula completamente equipada para poder facer o desdobre das aulas de 3 anos, polo que a falta de espazo non é un problema.

Por todos estes motivos, tendo en conta que se traballa con nenos/as moi pequenos, e que corresponde ao Concello a adopción das medidas oportunas para garantir a calidade da educación dos nenos/as no noso termo municipal, proponho ao Pleno do Concello a adopción do acordo seguinte:

Apoiar as reivindicacións da comunidade educativa do Colexio ADR Castelao de Ordes, solicitando da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que adxudique a este Colexio un mestre/a para o desdobre inmediato das dúas aulas de Educación Infantil co obxectivo de reducir a rateo”.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que aínda que a educación infantil nestes cursos non é obrigatoria todo o que sexa mellorar a calidade da educación estarán de acordo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que en primeiro lugar queren trasladar unha cuestión de orde. Este punto vulnera o artigo vinte e sete do regulamento orgánico municipal do concello de Ordes ao non someterse previamente ao ditame dunha comisión informativa. Cando o resto dos grupos presentamos algunha iniciativa o que se nos traslada sempre, incluso mediante informe dos técnicos, é a necesidade dun ditame previo



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

da comisión informativa correspondente. O 17 de setembro o BNG presentou unha moción sobre este asunto en concreto e outras necesidades que entenden ten o colexio Castelao de Ordes. O día da xunta de voceiros, o martes desta semana, chega a voceira do goberno e nos di que por rexistro se meteu por parte dos pais un escrito, que non ven por ningún lado o cuño de rexistro. Pregúntalle ao Secretario que tratamento hai que dar a este punto se vulnera o artigo 27.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que o día 17 que presentaron a moción, toda a comunidade educativa estaba reunida no comedor do colexio Castelao a instancia da Anpa que o venres anterior, 14 de setembro, convocou a toda a comunidade educativa. Recorda que cando estaban na reunión chegoulles ao whatsapp a súa moción. É a comunidade educativa a que decide conxuntamente presentar isto. Se o queren votar, é suficientemente importante para tratarse nun pleno. Comprometeuse a traelo ao pleno, a falalo cos grupos políticos e levalo ao Consello Escolar Municipal. Cando se fai participe deste documento, cando lle chega, pide que lle sexa enviado antes da xunta de voceiros. O documento despois foi rexistrado. O funcionario de rexistro entregoulle unha copia. Non hai nada estraño no acontecer desta proposta.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o BNG ás 08:50 horas do día dezasete rexistra a súa moción. Na orde do día non pode figurar este punto.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que tanto a lei de bases de réxime local, o regulamento de organización e funcionamento e o regulamento orgánico municipal din que teñen que someterse ao ditame previo da comisión informativa permanente correspondente aqueles asuntos que sexan da competencia do pleno. Neste asunto non se está a exercer unha competencia polo pleno, o acordo que se propón ten un contido político, trata de asumir unha petición que fai a comunidade educativa e dar traslado á Xunta de Galicia. Non se esta a exercer unha competencia, a adoptar unha decisión que teña unha relevancia xurídica. Poderíase ter sometido a unha comisión informativa se o querían facer, pero dende o punto de vista xurídico non tería maior relevancia. O regulamento de funcionamento do Consello Escolar Municipal si que indica que nas cuestións que en materia de educación se sometan ao pleno deberían terse sometido previamente ao Consello Escolar Municipal.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que recibiu a convocatoria o venres catorce para a reunión no comedor do colexio Castelao o día dezaioito de setembro.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que rexistraron a súa moción o día dezasete e a súa convocatoria foi para o día dezaioito. Están de acordo en que este asunto hai que solucionalo. Non sabe como habería que proceder neste punto, se é necesario adoptar un acordo aprobando a súa urxencia para ser tratado neste pleno. Considera que incluílo na orde do día sen o ditame da comisión informativa permanente está a vulnerar o regulamento orgánico municipal.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que con ese argumento ao punto seguinte tamén lle sería de aplicación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala o punto seguinte foi sometido a unha comisión informativa.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que estes dous puntos plantexáronse na xunta de voceiros, na Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno so se tratou a declaración de festa de interese turístico. Este asunto e o seguinte son propostas de acordo que teñen un contido político, que de relevancia xurídica. O concello non ten competencia en materia de promoción da saúde, pero nembargantes deciden adoptar acordos por que son cuestións que poden interesar á veciñanza e deciden pronunciarse sobre elas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que este problema deriva dunha cousa, que son os recortes do PP nos seus gobernos. Non é un problema que so acontece en Ordes, vemos estes días na prensa como en Brión, Santacomba, Santiso, Vilestro, Ares, Allariz teñen este mesmo problema. Supéranse as ratios establecidas no 2016 nas aulas. Reducíronse no Castealo as aulas de infantil de tres a dúas, que teñen ambalas dúas máis de vinte e cinco alumnos por aula, o mesmo acontece nas dúas aulas de cinco anos. Para iso presentaron a moción que se tratará a continuación. Un dos seus puntos é solicitar o que se está a pedir nesta moción, que se desdobre as aulas e volvan a ser tres de infantil de tres anos.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que están de acordo coas esixencias formuladas pola comunidade educativa do colexio Castelao á Consellería de Educación. No escrito que remitiron fundamentan perfectamente a necesidade de que haxa tres aulas de infantil, son máis de vinte e cinco nenos por aula, de moi curta idade, aos que hai que prestar unha atención especial. É certo que tal e como esta a lei, esta permítelle á Xunta de Galicia facer estes recortes, cousa que lles parece un despropósito e un ataque á calidade da ensinanza pública. Isto non pasa so en Ordes, tamén noutros colexios que están sufrindo estes recortes. Dende UxO sempre estarán a favor dunha ensinanza pública de calidade.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que hai que debater sobre o escrito da comunidade educativa, non sobre política. Como teñen tanta inquina contra a Xunta de Galicia, recórdalles que cando o BNG gobernou co PSOE non foron tampouco a panacea na educación. Este mes de setembro saíu un estudo no que Galicia figura entre as autonomías con maior gasto por alumno, posto quinto das dezasete autonomías. Levamos nestes últimos tres anos máis dun millón de euros investidos nos colexios de Ordes, nos tres CEIPs, entre Xunta e goberno. Digan onde están os recortes, son trescentos concellos en Galicia. O tema de Brión está solucionado, actualízase, no día de hoxe así figura na prensa. A ratio na comunidade autónoma é das máis baixas de España, estase a cumprir a lei. A Lomce contempla o dez por cento para os casos nos que se matriculan fora da data ordinaria de matrícula rapaces, cal foi o caso concreto en Ordes. Iso non significa que non estea perfectamente motivado as necesidades polas que nestas dúas aulas de infantil se necesitarían máis apoios.

Pola Sra. Alcaldesa en funcións ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que na Xunta de Galicia cando estivo gobernando o BNG non era o que xestionaba a educación. Un millón de euros de investimentos en Ordes, boa falta facían, edificios cunha antigüidade de trinta ou corenta anos, nos que era necesario poñelos ao día, que teñen bastante falta de acondicionar para polos ao século vinte e un. A Lomce establece ese dez por cento, pero foi unha decisión que tomou o PP para facilitar esa porta pola que se escapa agora a Xunta de Galicia. Haberá que



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

reformular a lexislación educativa, que agarda que agora o PSOE no goberno de Madrid leve a cabo, e que estableza que baixe esas ratio mínimas.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que os recortes está claro que os está habendo, non so en profesorado, en primaria, secundaria, formación profesional. Que exista unha regulación legal que ampare á Xunta de Galicia non quere dicir que esta lei estea ben. Non se pode dar unha educación de calidade nunha aula de infantil con vinte e cinco nenos.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que as medidas urxentes do ano 2012 eran o vinte por cento. Galicia foi a única comunidade que dixo non. Non fale agora dunha medida do ano 2012, que está en desuso, e que non asumiron. Revise. Vai a quedarse en que dixo o Sr. Vidal Ríos que non levaron a educación cando gobernaron, o día que a leven poderán falar, mentres tanto na oposición estase moi cómodo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Apoiar as reivindicacións da comunidade educativa do Colexio ADR Castelao de Ordes, solicitando da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que adxudique a este Colexio un mestre/a para o desdobre inmediato das dúas aulas de Educación Infantil co obxectivo de reducir a rateo.

7. ATENCIÓN A MULLERES CON ENDOMETRIOSE.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, que da lectura á proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación:

“A Asociación QuerENDO Mulleres con Endometriose solicitou do Concello de Ordes a solidariedade coas mulleres que padecen endometriose e se apoie a súa petición de que polas administracións públicas con competencias en materia de sanidade melloren a atención ás mulleres con esta doenza

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A endometriose é unha doenza inflamatoria, progresiva, estrógeno-dependente, de orixe descoñecida. Consiste na implantación e crecemento benigno de tecido endometrial (glándulas e estroma) fóra do útero, na gran maioría dos casos no peritoneo pélvico e os ovarios, pero que pode afectar calquera parte do corpo da muller. A extensión da doenza varía dende poucas e pequenas lesións ata grandes endometriomas ováricos e/ou grandes e extensos nódulos ou fibroses e adherencias que causan unha severa distorsión da anatomía da muller.

O tecido endometrial pode estenderse por ovarios, peritoneo, ligamentos uterosacos e fondo de saco de Douglas, sendo menos frecuente fóra da pelve, aínda que pode afectar a



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

calquera órgano (pulmóns, meninxes, ...etc.). Na pelve pode invadir órganos diferentes dos xenitais internos, como o intestino, frecuentemente recto e/ou sigma, a vexiga e os uréteres. Noutras ocasións o tecido endometrial ectópico localízase no propio útero, fóra do seu emprazamento normal, producindo unha variante de endometriose chamada adenomiose que pode ser difusa ou focal.

Adoita clasificarse a endometriose en 4 graos, segundo o nivel de infiltración do tecido, e non se pode correlacionar o estadio co tipo e/ou severidade dos síntomas e o seu pronóstico, nin tampouco co pronóstico de infertilidade.

Segundo os estudos, a endometriose afecta ao 10% das mulleres en idade fértil. De se confirmar este dato, en Galicia habería máis de 60.000 mulleres afectadas por endometriose, das cales o 15% teñen formas severas da doenza, o que suporía arredor de 9.000 mulleres.

A endometriose, ademais de poder resultar incapacitante para a muller, implica en moitos casos un grave problema de infertilidade.

O retraso medio do diagnóstico é de 8 anos, e ven dado por dúas causas fundamentais:

1. O descoñecemento da doenza e dos seus síntomas por parte das mulleres.
2. A pouca atención que, ata o momento, o sistema sanitario prestou aos síntomas da endometriose, asociando falsamente a regra coa dor, e normalizando este síntoma principal da doenza.

Por todo isto, proponho ao Pleno para o seu debate e aprobación os seguintes **ACORDOS**:

I.- Solicitar do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e á Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de A Coruña para que proceda a

1. Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso concello (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas, ...etc.).

2. Garantir consultas específicas de Endometriose suficientes para o número de afectadas da area nos Hospitais aos que acoden as mulleres do noso Concello e á derivación destas pacientes a areas nas que existan mentres estas non se creen.

3. Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, ciruxáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

II.- Solicitar Consellería de Sanidade a:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

1. Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

2. Facilitar as mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).

III.- Solicitar do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social a:

1. Convocar un Consello Interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.

2. Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.

IV. Solicitar aos Institutos de investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

V. Impulsar a través dos servizos sociais unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso concello para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados pola Asociación QuerENDO Mulleres con Endometriose, que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía”.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están a favor.

Intervén a Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que para o PSOE sendo pilares básicos a educación e sanidade apoiarán esta moción.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que o 22 de abril de 2015 aprobouse por unanimidade no Parlamento Galego unha iniciativa sobre a endometriose que recollía as demandas das mulleres afectadas por esta doenza. Tres anos e medio despois como denuncia a Asociación QuerENDO os avances son cativos. Os problemas seguen sendo os mesmos, diagnósticos de oitos anos polo descoñecemento que desta doenza teñen as mulleres e tamén a pouca atención que o sistema sanitario presta a esta doenza o que conleva que moitas mulleres, sobre todo con problemas de endometriose severa, acaban indo a Cataluña ou Madrid a operarse. É coñecedor da desesperación que sofren as mulleres por non ser diagnosticadas e operadas canto antes, o que pode levar mesmo á incapacidade. No 2017 o BNG presentou unha emenda aos orzamentos da Xunta e solicitaban unha partida de dous millóns de euros para atención sanitaria á muller e a creación de unidades de atención á endometriose. Dan o apoio a iniciativa presentada pola Asociación QuerENDO e instan ao goberno da Xunta a que non deixe pasar máis o tempo e que actúe xa.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que pola importancia que ten esta enfermidade, polos riscos e lesións que pode producir, están totalmente de acordo co contido desta proposta e esperan que as administracións tomen nota destas peticións.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

I.- Solicitar do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e á Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de A Coruña para que proceda a

1. Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso concello (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas, ...etc.).

2. Garantir consultas específicas de Endometriose suficientes para o número de afectadas da area nos Hospitais aos que acoden as mulleres do noso Concello e á derivación destas pacientes a areas nas que existan mentres estas non se creen.

3. Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, cirurxáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

II.- Solicitar Consellería de Sanidade a:

1. Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

2. Facilitar as mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).

III.- Solicitar do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social a:

1. Convocar un Consello Interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.

2. Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

IV. Solicitar aos Institutos de investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

V. Impulsar a través dos servizos sociais unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso concello para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados pola Asociación QuerENDO Mulleres con Endometriose, que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía.

8. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 27 de xullo de 2018, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decitado.

9. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Sobre o proxecto de explotación da mina de cobre San Rafael sita nos concellos de Touro e O Pino.

O pasado 25 de agosto de 2017, saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L.

Este novo proxecto pretende seguir explotando os mesmos xacementos abandonados do ano 1986 (nas mesmas cortas) máis novos xacementos colindantes con estes, dentro dunha concesión máis ampla, que abarca o concello de norte a sur nunha extensión de 1827 Ha., inicialmente, xa que segundo proxecta a empresa socia que aporta o capital, Atalaya Mining a



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

súa intención é estender a explotación con cortas sucesiva, unha vez teñan iniciado, ata chegar a 122 km cadrados de extensión: <http://atalayamining.com/proyecto-touro/>

Trátase dun proxecto de megaminería a cea aberto que ocupará unha extensión de 689 Ha iniciais, das cales só o 30% son terreos xa estiveron e están afectados pola explotación anterior, que foi abandonada sen restauración porterior e que dende o ano 1986 do seu remate segue traendo desastrosas consecuencias nas augas que verten ós regatos da contorna afluentes do río Ulla e por tanto afectación á Rede Natura 2000 da cunca deste río, a segunda cunca hidrográfica de Galicia.

Esta actividade, por tanto, preténdese desenvolver nos solos que teñen soportado no pasado actividades potencialmente contaminantes, como así o manifesta o informe emitido polo propio Concello de Touro elaborado por AMBIOTEC sobre as afectacións do proxecto, en outubro de 2017, onde na súa páxina 5 indica como “elementos susceptibles de afección os seguintes:

- Infraestruturas ligadas ao consumo de auga do municipio.
- Agravamento do problema ambiental de Drenaxe Acida de Mina.
- Poboación e vivendas situadas nas proximidades.
- Hábitats naturais e vexetación e fauna asociada.
- Elementos naturais da contorna directa e actividades asociadas: Río Ulla.
- Elementos do patrimonio cultural.
- Centro socioculturais”

<http://www.concellodetouro.com/attachments/article/1280/alegacios-mina-en-alego.pdf>

Vai a afectar a case 500 Has. de terreos agrícolas e forestais que son a base produtiva de moitas explotacións agrarias dos núcleos mais próximos a explotación, deixando así sen base territorial moitas explotacións gandeiras que se verán irremediamente abocadas ao peche e abandono das terras, e suporía a eliminación de 341 hectáreas de masa forestal e 150 hectáreas de cultivos e vexetación natural.

Xunto as catro cortas existentes vanse a escavar 6 novas cortas que dará lugar a outras tantas zonas mineiras coa eliminación definitiva do uso destes solos para as actuais e futuras actividades agrogandeiras ou forestais.

Sumar a esta situación, que durante o proceso planeado para 15 anos de actividade, plantexan un traballo de megaminería intensivo, con funcionamento de maquinaria pesada e actividade as 24 horas do día durante os 355 días do ano, cunha media de 6 voaduras diarias realizadas con entre 9 e 16 toneladas de explosivos cada unha, 4 delas moverán 50.000 metros cúbicos de rocha e 2 moveran 25.000 metros cúbicos, que xerarán movementos sísmicos no terreo e polvo en suspensión cargado de metais pesados, o que provocará irremediamente o abandono poboacional da zona por facer imposible a vida nestas terras.

Tanto Touro como O Pino xa dispuxeron dunha mina de cobre a cea aberto de características moi semellantes a que se pretende implantar e as cifras históricas de poboación nesas décadas amósannos a evolución contraria a pretendida: as caídas de poboación son mais suaves unha vez rematada a actividade mineira.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Isto non afectara solo os concellos de Touro e O Pino, quen pretenda vivir nun radio de entre 15 - 30 km a redonda, sufrirá directa ou indirectamente as consecuencias da actividade mineira nesta zona, xa que o aire moverá o polvo en suspensión mais ala da zona exclusivamente mineira e as augas corren rio abaixo, a natureza neste caso non é controlable nin predecible. E despois de 15 anos de actividade a recuperación será imposible, xa que como sucedeu coa anterior mina, quen marcha dunha zona mineira non volta para volver a sufrir as consecuencias da devastación producida.

Outros impactos sobre a zona que xeraran un grave impacto medioambiental, e a creación de 2 depósitos de residuos estériles e 4 vertedoiros que ocuparan en total case 300 Ha., o que equivale a 300 veces o Estadio Santiago Bernabeu, a moi pouca distancia dos núcleos de poboación de Castelo, San Sadurniño, Arinteiro, Os Torreis, Tribas e A Goleta, un vertedoiro mais no Monte das Minas, que ocupara unha superficie de 484.000 metros cadrados, 10 veces o centro comercial As Cancelas de Santiago de Compostela). O depósito de estériles situado entre Arinteiro e Vieiro será unha enorme balsa de lodos que contara cun muro perimetral de contención con capacidade para 50 millóns de metros cúbicos de residuos estériles de mina (equivale a unha sexta parte a capacidade do encoro de Portodemouros), cunha probabilidade de falla moi alta, como ocorrera en Aznalcollar en 1998.

Plantéase no proxecto o desvío do leito dos regos Pucheiros e Burgo, e o gasto arredor de 2.25 hectómetros cúbicos de auga ao ano, o que suporía 6 veces mais do que os concellos de Touro e O Pino xuntos gastan no mesmo período, e isto dito nun ano no que aínda no mes de xaneiro estamos sufrindo restricións de auga en moitos puntos da nosa terra.

Dentro desta afectación estaría a planta de tratamento de auga potable situada a pé do rio Ulla en Carcacia, no municipio de Padrón que a súa vez abastece a toda a contorna de concellos, mais de 93.000 habitantes dos concellos de Padrón, Dodro, Pontecesures, Valga, Catoira, Rianxo, Ribeira, Boiro e A Pobra do Caramiñal.

Este proxecto ten tamén unha afectación directa ao Camiño de Santiago o seu paso polo concello de O Pino, a tan so 1000 metros do Monte das Minas, os peregrinos camiñaran e durmirán nas liteiras mirando o monte das Minas, respirando e soportando o polvo en suspensión froito das voaduras con explosivos, así como as molestias acústicas da maquinaria pesada e das explosións, que a actividade realizada durante as 24 horas do dia, todos os días da semana producira, tendo por tanto un impacto visual, acústico, para a saúde e tamén económico sobre os negocios da zona, ¿quen se anima a facer o Camiño por unha zona limitada por unha mina a ceo aberto destas consecuencias?. Arca que se esta consolidando como zona de turismo, ocio e residencial verá tamén como as consecuencias deste proxecto lle trae abandono e merma de poboación.

Esta mina tamén afectará ao sector do mar de Arousa (sector primario e turismo) cuxa economía susténtase sobre catro piares: a calidade das augas e dos produtos que saen delas, a singularidade etnográfica ligada ao mar, a beleza da paisaxe costeira e unha gastronomía que ten como emblema os produtos do mar locais.

Todo elo suma e atrae cada ano a un número maior de turistas que sustentan un volume crecente de negocios, grandes e pequenos, nas localidades arousáns. Pero todo isto pode verse en risco se se compromete a calidade das augas da ría; tamén augas arriba as do rio Ulla, o mais caudaloso e longo dos que alimentan a ría de Arousa. Sobre a importancia ambiental do Rio



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Ulla e da ría de Arousa. A riqueza pesqueira e mariñeira que se resaltou no apartado anterior de exposición de motivos deste documento descansa sobre a riqueza ambiental existente na ría de Arousa e os ríos que nela desembocan, onde a saúde do río Ulla ten un papel fundamental, xa que alimenta dun xeito moi importante de sedimentos e nutrientes a ría. Esta riqueza ambiental esta amplamente recoñecida, non so por publicacións científicas, senón pola propia lexislación ambiental. A ese respecto cabe destacar a declaración de varios Espazos Protexidos, como son o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia de Especial Conservación Ulla- Deza.

A administración debe velar pola conservación dos espazos protexidos da ría Arousa. A reactivación da mina de Touro aumentara a drenaxe de contaminantes cara a cunca do Ulla, afectando irremisiblemente a riqueza ambiental da ría, e consecuentemente a riqueza económica que sustenta.

Por todo isto, os distintos sectores do mar de Arousa teñen solicitado a retirada do proxecto da explotación da mina de San Rafael de Touro-O Pino. As propias alegacións que publicou a Sociedade Galega de Historia Natural e a Federación Ecoloxista Galega ao informe deixan constancia das grandes afectación que supón e solicitan o seu rexeitamento. Son xa varios os concellos os que xa se manifestaron en contra deste proxecto polas repercusións e afectacións que ten na persoas, na saúde, no medio ambiente, na economía local especialmente na agricultura a gandeiría e o turismo. Así o fixeron xa 35 concellos. Tamén se manifestaron en contra do proxecto dúas Deputacións: Deputación da Coruña e a Deputación de Pontevedra.

Estamos por tanto ante un proxecto con un impacto ambiental inasumible, un impacto sobre a a saúde preocupante, un impacto económico negativo e un impacto social e cultural que xera unha forte alarma e rexeitamento en toda a contorna, de consecuencias negativas incalculables para as persoas, para a biodiversidade e para os seus medios de vida futuros.

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo:

1.-Instar ás Consellerías do Mar, do Medio Rural, de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Economía, Emprego e Industria a emisión de informes desfavorables tal e como procede polas consecuencias negativas descritas e todas as que en alegacións se presentaron polas entidades e particulares, e así se desestime a autorización administrativa de actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e, en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos ESO14PEAEGAL-19, ESO14PEAEGAL-18/02 e ESO1429, de protección do Camiño de Santiago e da actividade económica estratéxica e fundamental dos concellos de Touro e O Pino baseada na agricultura, a gandeiría, as industrias agroalimentarias e forestal, o turismo, a hostalería e os servizos.

2.- Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados e



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

drenaxe ácida, para como mínimo asegurar que non se siga comprometendo a calidade ambiental dos afluentes do río Ulla e por tanto da rede Natura 2000, que verten dos terreos da anterior mina ó río Ulla e de aí á Ría de Arousa”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están a favor.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que ademais dos motivos que expón o Sr. Manteiga García na súa moción, quere engadir os motivos que lle fan apoiar esta proposta. A minería non é sustentable, non concede ningún beneficio real á sociedade, é un método de enriquecemento rápido por parte dos empresarios que ataca directamente ao benestar das xentes, da flora e da fauna da rexión. O segundo é que se as leis protexeran adecuadamente á poboación e as empresas mineiras tiveran maior conciencia social probablemente se poderían evitar a meirante parte dos impactos da minería. Pero xustamente coa facilidade coa que poden operar fan que lles sexa atractivo promover proxectos deste tipo. O terceiro motivo, é que non a deixa de sorprendere que a día de hoxe deban ser os veciños os que deban preocuparse de meter presión para que se deixe de destruír o que é noso. Chama a atención que sexan os veciños os que se dediquen a mobilizar, a defender e a dar voz a todos estes ataques que estamos vendo por parte das empresas inversoras. Que se vertedeiro de Lesta, que se eólicos pegados ás casas, que se minas de cobre. Son os veciños que gastan do seu propio diñeiro para defenderse, veciños que viven da súa terra. Por iso vai a emitir o seu voto favorable a esta moción.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que tal e como relataba o compañeiro desaparición de centos de terreos agrícolas e forestais, afectación das augas, impacto sobre a actividade ligada ao Camiño de Santiago, impacto negativo sobre a ría de Arousa. E sobre todo e tamén hai que dicilo unha empresa que non é de fiar. Todos pasamos algunha vez por Touro e vemos o que leva acontecendo fai moito tempo. Volve a repetirse o mesmo conto, minería extractiva de moi baixo valor engadido, que levan o mineral de cobre a Alemaña ou Portugal para a fabricación de cables ou tubaxes e despois nolas venden a nos aquí, igual que pasa co seixo. Claramente este país unha vez máis sae perdendo. Todo o noso apoio a esta moción, todo o noso apoio á plataforma veciñal mina de Touro- O Pino non. Este domingo temos unha concentración en defensa desta comarca das agresións que sufrimos, tamén estaremos no Pino e Touro reclamando que non se reabra esta mina e que non se cumpra o que o xenial XXXX pintou, un buitro e un especulador cun maletín cheo de cartos e a morte atrás.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que van a votar a favor desta moción. Creen que este tipo de actividades mineiras repercuten en terreos agrícolas, forestais, ...etc.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que rexeitan a reapertura desta actividade mineira, están a carón da plataforma. Todos os compañeiros concelleiros e voceiros dixeron todo o que tiñan que dicir. Tamén van a votar a favor desta moción.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Instar ás Consellerías do Mar, do Medio Rural, de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Economía, Emprego e Industria a emisión de informes desfavorables tal e como procede polas consecuencias negativas descritas e todas as que en alegacións se presentaron polas entidades e particulares, e así se desestime a autorización administrativa de actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ria de Arousa e, en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos ESO14PEAEGAL-19, ESO14PEAEGAL-18/02 e ESO1429, de protección do Camiño de Santiago e da actividade económica estratéxica e fundamental dos concellos de Touro e O Pino baseada na agricultura, a gandería, as industrias agroalimentarias e forestal, o turismo, a hostalería e os servizos.

2.- Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados e drenaxe ácida, para como mínimo asegurar que non se siga comprometendo a calidade ambiental dos afluentes do río Ulla e por tanto da rede Natura 2000, que verten dos terreos da anterior mina ó río Ulla e de aí á Ría de Arousa.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Por todos é coñecido que o concello de Ordes ten o seu territorio atravesado por unha gran cantidade de infraestruturas enerxéticas: liñas de transporte e distribución eléctrica, gaseodutos, oleodutos, ...etc., que limitan o aproveitamento de parte do territorio do concello.

No caso do Mesón do Vento, como consecuencia da súa situación perto de dúas importantes subestacións, ve acentuada a súa afección por mor do paso de un bo número de liñas eléctricas de alta tensión.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

Estas liñas eléctricas en moitos casos, mesmo supoñen un importante lastre para o desenvolvemento socioeconómico do Mesón, limitando o aproveitamento urbanístico de moitas parcelas ou o completo aproveitamento forestal ou agropecuario das fincas afectadas polas correspondentes servidumes.

Dende o BNG consideramos que esta debe ser unha situación que, na medida do posible, debe de tratar de corrixirse con medidas que mitiguen os impactos anteriormente mencionados.

Na zona do Mesón do Vento, existe unha liña eléctrica que discorre dende as inmediacións da antena de RNE ata o núcleo de Morgade, pasando pola Adina, que leva anos fóra de servizo e que mostra síntomas dun deficiente mantemento por parte da distribuidora eléctrica.

Esta liña, recadrada en vermello, ten unha afección que suma unha superficie de 62 ferrados aproximadamente, limitando ao seu paso o aproveitamento de fincas de tipo forestal ou agropecuario e urbanizables.

Do mesmo xeito, existe outra liña, recadrada en amarelo, que parte da mesma orixe, antiga subestación da antena de RNE, e discorre polo lugar da Piolla hacia As Travesas xa no concello de Carral, que se atopa fóra de servizo.

Polas razóns anteriormente expostas, é polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar a UFD a realizar o corresponden estudo para a desmontaxe das liña eléctricas indicadas na ortofoto adxunta”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que se trata dunha liña que debe levar uns dez anos en desuso. Evidentemente deben estudar a posibilidade de desmontala. Non se pode ter unha liña así e descoidada.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que ven ben esta iniciativa, non so polo aproveitamento que se poida facer, tamén polo tema da seguridade, que como se ves nas fotografías algún apoio está en bastante mal estado. Con motivo de ser traballador da empresa titular desta liña de subministro eléctrico ausentarse na votación.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que van a votar a favor. Creen que se deben desmontar estas liñas ao non ter ningún uso.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), coas abstencións (1 grupo político mixto-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Instar a UFD a realizar o corresponden estudo para a desmontaxe das liña eléctricas indicadas na ortofoto adxunta á moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“No presente curso, a Xunta de Galicia ven de aplicar un novo recorte no sistema educativo co que conta o noso concello.

Se no curso 2015-2016 o C.E.I.P. Mesón do Vento viuse forzado a unificar os niveis 5º e 6º nun só grupo perante a falta de profesorado ou se a comezos do curso pasado o retraso na dotación de profesorado provocou que no C.E.I.P. Campomaioir un dos grupos de infantil ficase sen titor ou titora case dúas semanas, nesta ocasión a Xunta de Galicia obsequianos aos ordenses cun novo recorte ao suprimir unha aula de infantil de tres anos.

Co cal, as aulas de infantil de tres anos do C.E.I.P. Castelao pasan de tres a dúas con mais de vinte e cinco alumnos/-as cada unha, superando a ratio máxima establecida. Ademais, esta ratio máxima tamén se supera nas aulas de infantil de cinco anos deste mesmo centro, xa que no presente curso contan con dúas aulas con mais de vinte e cinco alumnos/-as cada unha.

Creemos desde o BNG de Ordes que é necesario reducir o alumnado por aula para garantir unha atención e unha ensinanza mais personalizada. E demandamos tamén mais horas de apoio a esta etapa de infantil, xa que os mestres que fan apoio, teñen outras funcións docentes co que dispoñen de poucas horas para dar apoio na aula.

Tamén cabe destacar que o edificio amarelo do C.E.I.P. Castelao, o cal precisamente alberga algunhas das aulas de infantil, precisa a substitución da cuberta existente de fibrocemento por outra de panel tipo sándwich illante, a dotación dun SATE (sistema de illamento térmico exterior) nas fachadas, ademais dunha renovación completa dos baños que xa eran exactamente os mesmos que empregaron os pais e nais do alumnado que hoxe estuda no centro.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1.- O pleno do concello de Ordes insta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a rectificar na súa decisión de suprimir unha das aulas de infantil de 3 anos do C.E.I.P. Castelao de Ordes.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

2.- O pleno do concello de Ordes insta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a dotar ao C.E.I.P. Castelao de Ordes de mais profesorado de apoio ás aulas de infantil.

3.- O pleno do concello de Ordes insta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a levar a cabo obras de renovación da cuberta, illamento de fachadas e renovación dos baños existentes no edificio amarelo do C.E.I.P. Castelao de Ordes.

4.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, así como a tódolos grupos do Parlamento Galego”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que hai unha proposta do Alcalde a instancia do colexio que xa se debateu, van a votar outro cousa. Aínda hai oito meses para as eleccións, tranquilo. Non lle preocupa que lle chame tonto a el, a o pobo preocúpalle, isto xa esta debatido, vai a votar en contra.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que non se pode dicir que esta moción foi presentada en tempo. Hai rumores de que a proposta que presentou a Alcaldía que foi como un amaño para botar esta moción abaixo. Tampouco lle parece normal. A oposición fai o seu traballo para algo.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están a favor da moción. Os edificios necesitan unha renovación, as cubertas de fibrocemento e todo o que sexa unha mellora da educación estarán sempre a favor. So puntualizar que entre o ano 2013 e 2015 se recortaron vinte e dous profesores de educación obrigatoria en Ordes. Creen necesario volver aos niveis de educación pública que tiñamos cando gobernaba o PSOE.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que se ratifican non que debateron anteriormente, as obras son necesarias.

Intervén a Sra. Gómez García, concelleira delegada de educación, que sinala que votaron a favor da proposta presentada pola comunidade educativa, van a votar en contra por que lle parece que é unha falta de respecto a esta. Queren o mestre, o apoio, parece que os que lle toman o pelo á comunidade educativa. Non é o goberno deste concello o que presenta a proposta como algo seu, fan participe desta a toda a corporación para que vostedes tamén voten. En canto ás obras, os baños se están arranxando polo concello, o sistema de cuberta e de illamento xa se lle comentou na xunta de voceiro que se pediu na visita da xefatura territorial e



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

da unidade técnica, non teñen ningún problema en reiteralo. Van votar en contra da moción por que xa está debatida no punto seis da orde do día.

Pola Sra. Alcaldesa en funcións ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non lle tomen o pelo vostede, esta debatido o punto primeiro, a moción ten máis puntos. Este punto non contradí o que se dixo no punto anterior, hai algo que o vulnere, non, basicamente e o mesmo. Entenden que son obras necesarias. Non se está a propor algo que sexa necesario, non creen que os baños precisan unha reforma, que o illamento térmico do edificio é deficiente, incluso inexistente, que a cuberta precisa unha reparación. Que se está pedindo aquí para que intentemos facer parva á xente. Nada. É algo necesario, si. Ala co que votan vostedes. Quizás non son os representantes que precisa a comunidade educativa no pleno para conseguir melloras e que se solucionen os problemas e non haxa queixas como aconteceu no mes de xaneiro no Castelao, no que os rapaces pasaban frío nas aulas. Non sabe a que ven que se poñan desta maneira cando calquera persoa que teña un mínimo de dous dedos de fronte ve como algo lóxico e necesario. Ala cada quen, entende que hai que facer presión. Poden dicir que estas cousas xa se pediron, non ve por ningún lado partida orzamentaria, nin compromiso do día en que van a empezar estas obras de mellora. Haberá que facer unha petición máis formal buscando o consenso de todos os grupos en algo que creen que é necesario. A ninguén se lle escapa que son precisas esas obras. Queiran apoiar aos veciños que precisamente os escolleron para apoiar os seus intereses ala cada quen. Creen que é algo lóxico, necesario, por iso insisten na presentación, que para nada vulnera o punto sexto, ven a refrendalo ao incluír outras medidas que son necesarias.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que a comunidade educativa piden unhas cousas, xa está debatido. Agora esta moción pide estas cousas e máis. Cree que pode votar o que queira. É igual de representante do pobo, máis adiante pode ser si. O pobo sabe o que ten tamén. Hai trinta e cinco anos que é concelleiro deste concello. Vai a votar non, por que o máis importante da moción é o que pide a comunidade educativa.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que os puntos números un e dous da moción están debatidos no punto sexto da orde do día e o punto terceiro o solicitou o BNG noutra moción en xaneiro do ano 2018 a raíz do illamento térmico. Os baños estanse a arranxar, na visita da xefatura territorial e da unidade técnica solicitouse o illamento e o panel sandwich, non se pode facer todo ao mesmo tempo. Levan setecentos mil euros da Xunta de Galicia gastados dende o ano 2016 gastados nos colexios de Ordes. Vai a darlle as contas. Os protagonistas teñen que ser os pais e non vostedes presentando unha moción para presión no Parlamento de Galicia.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que pintar non é solucionar o problema, é tapalo.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que non pintaron, fixeron as obras como Dios manda.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos en contra (5 grupo político PP, Sr. González Santos, Sr. Vázquez



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

Raña, Sr. Gómez Candal), sete votos a favor (3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

10. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula os rogos seguintes:

- No Concello de Vimianzo, donde se van construír os eólicos dos que a empresa Greenalia pretende traer a enerxía a través da liña de alta tensión ata a subestación de Mesón do Vento e da que no noso concello hai darredor duns 180 afectados, a través da petición do seu Alcalde, mantiveron unha reunión a empresa Greenalia cos afectados.

Por petición de varios veciños, e polo que solicito ao alcalde o seguinte:

Solicite urxentemente unha reunión coa empresa Greenalia na que poidan asistir todos os afectados.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que a empresa se puxo en contacto co departamento de urbanismo e coa alcaldía a raíz da súa petición, entende que xa recibiu a súa resposta da que nos fixeron chegar copia: O representante da entidade comprometeuse a corrixir canto antes o problema da cartografía xa que traballaron coas fincas de bases e non as do acordo de concentración parcelaria de Mercuín-Lesta. Os veciños que recibiron notificacións individuais que quixeron tiveron atención directa do concello e nalgúns casos presentaron un escrito de alegacións con un modelo facilitado polos nosos técnicos. Unha vez dean resposta a todo isto e se os veciños demandan esta reunión procurarán que teña lugar, sempre e cando a empresa acceda a facela, agardan que si, pero como lle dixeron coas administracións locais de Cerceda, Tordoia e Ordes.

- Na nave de Mesón do Vento desenvólvense diferentes cursos e actividades, tanto de ximnasia, como de ensaios, etc.

É polo que solicito ao alcalde o seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

Se instalen uns espellos para os ensaios e para as actividades de deporte, tanto na aula de abaixo, como na zona de arriba onde tamén se fan ensaios cada semana.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que se toma en consideración, en canto sexa posible procederase a por os espellos.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Fai uns meses, desde o PSOE de Ordes denunciouse a falta de pediatras a tempo completo no centro de saúde da vila así como o estado da zona de espera de pediatría. Danos a sensación de que nin se solucionou o problema dos pediatras, os nenos seguen esperando ata varias horas para ser atendidos, nin da zona de espera, só se puxeron unhas cantas cadeiras máis.

Na súa condición de portavoz municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes fórmúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo

Rogamos se nos informe se se están tomando as medidas oportunas e realizando as xestións pertinentes para dar solución a este problema.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que informa a Xerencia que nestes momentos hai falta de pediatras, non hai ningún en desemprego, que se intersustitúen como os médicos. Con respecto ás obras o arquitecto veu medir antes do verán, están redactando o proxecto, teñen que pedir licenza urbanística. Os encamiñadores da PAC están postos, despois empezarán polos centros. Calquera coñecemento que teñamos lle darán traslado.

- Desde fai anos os leitos dos ríos que pasan polo concello de Ordes están sen limpar, ou facéndose limpezas puntuais de zonas de leito limitadas aparecendo presas naturais e favorecendo así a inundación de zonas colindantes. A última limpeza completa foi cando o PSOE de Ordes xestionaba a Consellería municipal de Medio Ambiente. Na súa condición de portavoz municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes fórmúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo

Rogamos se inste ao organismo Augas de Galicia dependente da Consellería de Medio Ambiente a realizar traballos de mantemento e saneamento dos leitos completos dos ríos que pasan polo Concello.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que o tramo do río Mercurín ata a depuradora xa está feito. Está pendente de executar o tramo do río Cabrón dende Vilariño ata Guindiboo de Abaixo. En anos sucesivos procurárase pedir máis actuacións.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 30

- Esta agrupación ten recibido numerosas queixas de veciños e veciñas de Ordes que non poden utilizar o servizo de Transporte Metropolitano ofertado pola empresa Monbús, para desprazarse aos seus traballos ou consultas médicas en Santiago de Compostela a primeira hora da mañá. Isto é así porque o primeiro autobús que cubre a liña A Coruña-Santiago fai parada en Ordes ás 7:30 horas, polo que non chega a Compostela ata pasadas as 8:10 ou 8:15 horas.

Este horario imposibilita que moitas persoas que entran a traballar ás 8:00 ou 8:30 horas ou aquelas que teñan unha consulta médica a primeira hora da mañá poidan facer uso deste servizo e se vexan obrigados a facer un gasto maior e a non poder beneficiarse das tarifas reducidas do Transporte Metropolitano.

Na súa condición de portavoz municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo

Que o Concello de Ordes se dirixa á empresa Monbús para solicitar o adianto da hora de saída do autobús A Coruña-Santiago das 6:45 ás 6:30 (a mesma que ten o autobús Santiago-A Coruña) para que pase por Ordes ás 7:15, en vez das actuais 7:30 horas, e permita dar servizo a numerosos veciños que traballan ou teñen que pasar consulta médica en Compostela.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que se fará a solicitude á empresa. Tamén os estudantes piden unhas horas máis tempranas.

- Nas últimas semanas estamos detectando un aumento preocupante de persoas que necesitan axuda social, como se pode observar na fotografía onde un veciño se ve obrigado a rebuscar no lixo dos contenedores.

Na súa condición de portavoz municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo

Rogamos se nos informe como se están a xestionar os servizos sociais e que medidas se están tomando para axudar aos veciños con menos recursos.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, que sinala que os servizos sociais teñen varias vías emerxencia social, xantar para persoas con poucos recursos. Poden asistir aos servizos sociais solicitando estes servizos ben directamente ou mediante aviso de calquera veciño que poida detectar unha situación e nos dan traslado para que actúen os servizos sociais. Sempre se axuda a quen quere ser axudado.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 31

- Na estrada que discorre entre a AC-524 e o Casal, pasando pola Porpalla, en moitas ocasións os vehículos circulan a gran velocidade provocando situacións de perigo, tal e como nos teñen trasladado os/as veciños/-as.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

O estudo da zona para o establecemento de medidas de calmado do tráfico e aumento da seguridade viaria.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que tratarase de ver coa policía local a forma máis axeitada e favorable para os veciños.

- Unha vez máis, temos que lamentar o depósito de residuos en lugares inadecuados. Neste caso, foron depositados cascallos de todo tipo (restos fibrocemento, bloques, plaquetas, ...etc. no camiño que transcorre polas inmediacións do Castro do Casal, comunica a pista Casal – Villaverde coa estrada que sube ao Alto dende o Casal.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Á retirada dos cascallos depositados en dito camiño

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que xa foron retirados.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Recentemente a compañía Soil Recovery S.L. ven de anunciar unha situación de insolvencia. Esta empresa xestiona no concello de Ordes o servizo de explotación do punto limpo e o servizo de conserxería, mantemento e limpeza de edificios culturais e deportivos, neste último caso a través da UTE Soil Recovery, S.L.-Cycle Servicios Integrales, C.E.S.L.

Esta situación pode impedir a axeitada prestación dos servizos ante a falta de subministracións e maquinaria, e mesmo ao non cubrir as baixas do persoal. Ademais xera unha gran preocupación nas persoas traballadoras da empresa sobre o que vai acontecer co seu salario.

Compre lembrar que o servizo de explotación do punto limpo foi adxudicado o seis de xuño do ano 2016 mentres que a data de adxudicación do servizo de conserxería, mantemento e limpeza de edificios culturais e deportivos foi o once de xaneiro do presente ano.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que nos informe de como foi posible que a adxudicataria do servizo de conserxería, mantemento e limpeza de edificios culturais e deportivos fose quen de acreditar a súa



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 32

solvencia, así como de estar ao corrente con facenda e coa seguridade social; para logo de comezar a traballar en xuño, declare a súa insolvencia en tan só dous meses.

A que nos informe de que xeito vai garantir a adecuada prestación dos servizos, así como o respecto dos dereitos das persoas traballadoras afectadas.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que no contrato de xestión do punto limpo no ano 2016 a empresa reunía os criterios de solvencia económica, técnica para resultar adxudicataria do contrato, estaba ao corrente con facenda e coa seguridade social. Como o contrato está executado en máis dun vinte por cento a empresa Soil Recovery, S.L. chegou a un acordo con Servicios, Obras y Limpiezas, S.A. para cesión do contrato, que unha vez autorizada pola Xunta de Goberno formalizárase en escritura pública nos próximos días, previo baleirado dos residuos que foron acumulados por dita situación. Xa so quedan os neumáticos e plásticos agrícolas. Os dereitos do persoal non se verán danados por que se subrogará o persoal e actuarase de acordo co que marca a lei. En canto ao contrato de limpeza e mantemento de instalacións deportivas as empresas integrantes da UTE responden solidariamente das obrigas do contrato. No expediente de contratación que as empresas presentaron o 27/12/2017 a documentación para resultar adxudicatarias do contrato. A constitución a UTE foi no mes de marzo, tres meses antes de entrar en situación de insolvencia. Cóntalle que o persoal está ao día cos seu salarios.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que un pouco de seriedade, en dous meses a empresa quebra, ou a documentación presentada era falsa ou os pregos non estaban ben feitos e hai que esixir outro tipo de documentación para acreditar a solvencia económica. Non se respostou se se ían cubrir as baixas.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que empezou a traballar outra persoa a maiores. De momento o servizo estase a cumprir, iso non quita para que dende o concello se siga esixindo que os traballadores manteñan as súas condicións e o seu horario de traballo e non teñan que facer horas a maiores.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o número de traballadores non é o mesmo que había antes, no mantemento dos pavillóns hai un traballador menos. Tamén se nos dí que hai persoas que fan máis horas das que lle corresponden por contrato, co que solicita que se vixien os horarios de traballo e que se paguen as horas extras. Chégalles que esta situación é transitoria ata febreiro, pregunta se se vai a facer unha nova licitación.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que a acreditación das condicións de solvencia económica e técnica está determinado pola lei de contratos, que é o que se solicita, non se pode pedir unha cousa distinta. Hai dúas empresas constituídas en UTE, se unha das empresas ten un problema a outra empresa ten que asumir a xestión do servizo, hai unha responsabilidade solidarias. Mantívose unha reunión co representante da empresa Soil Recovery, S.L. advertíndose desta circunstancia, así como das consecuencias de incumprimento coa posible resolución do contrato e a prohibición de contratar coa administración.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 33

- A rede de pluviais existente entre a cima da Rúa Coruña e o encontro coa Rúa Camilo José Cela, atópase completamente atascada tal e como se pode apreciar nas fotografías que acompañan ao presente rogo.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda á limpeza e desatascado da citada rede.

A que antes da chegada da temporada de choivas, a limpeza da rede de pluviais se faga extensiva ao resto da rede existente no concello para garantir un axeitado funcionamento da mesma.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que se dará traslado das dúas peticións a Espina y Delfín.

- Segundo o artigo 34.5 da ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria: “As prazas de estacionamento en batería reservadas para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida serán de 5,00 x 2,20 m, debendo dispor dun espazo de aproximación e transferencia lateral de lonxitude igual á praza de 1,50 m. de ancho. Entre dúas prazas contiguas permitirase a existencia dun único espazo de aproximación e transferencia lateral compartido.

No caso do estacionamento en liña, as prazas reservadas para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida serán de 5,00 x 2,20 m, debendo dispor dun espazo de aproximación e transferencia posterior de lonxitude 1,50 m de ancho igual ao da praza”.

Os espazos de transferencia lateral e posterior esixidos pola ordenanza, serven como zona de paso para usuarios con mobilidade reducida que fan uso do vehículo que estaciona na praza accesible. Estes espazos perden moito sentido se o encontro coa beirarrúa dispón dun chanzo.

Dado que o concello ven de incorporar á brigada de obras dous oficiais e tres peóns, creemos que dispón de efectivos suficientes como para poder solucionar esta problemática.

Tamén lembramos novamente ao goberno municipal que existen numerosos pasos de peóns que aínda en pleno 2018 seguen a supoñer unha barreira arquitectónica para as persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que encomende á brigada de obras a facer accesibles os espazos de transferencia lateral e posterior das prazas de estacionamento accesibles.

A que encomende á brigada de obras a facer accesibles os pasos de peóns que a día de hoxe aínda non o son.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 34

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que se analizará coa brigada de obras, na medida do posible intentarase facer.

- Na parada de autobús existente na Avenida Alfonso Senra, en fronte á antiga casa consistorial, existe unha arqueta que presenta un lamentable estado de conservación tal e como se pode apreciar na fotografía que acompaña ao presente rogo.

Este estado pode supoñer riscos para a seguridade viaria ou dos peóns que transitan pola beirarrúa.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que solucione o problema eliminando o perigo existente.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que se está pendente de que a empresa o execute.

- Recentemente instalouse un banco no encontro da Rúa Rosalía de Castro coa Rúa dos Lagartos.

A nada que se consulte unha guía ou manual para o deseño urbano, pódese comprobar que no caso dos bancos fanse as seguintes recomendacións:

- Tentar eludir os lugares molestos polo ruído, po, vento e/ou vibracións.
- Teranse en conta os reflexos que podan afectar ás persoas sentadas pola presenza de pavimentos claros, láminas de auga, muros cortina de cristal dos edificios.
- Elixíranse preferentemente lugares estratéxicos de observación, sosego, diversión, en áreas deportivas.
- Instalarase retirado de malos estímulos olfactivos e visuais, á sombra ou ao sol, dependendo da exposición que busquemos.
- En emprazamentos onde haxa que facer algún tipo de espera, procuraremos unha colocación enfrontada ou en ángulo que favoreza as conversas.

A situación escollida para o citado banco non semella cumprir ningún dos postulados expostos, polo que o mais probable e que non sexa a mais axeitada.

Este grupo municipal propuxo en varias ocasións a retirada da cabina telefónica existente na zona, a cal leva moito tempo fora de servizo.

Consideramos mais acertado a retirada da citada cabina e do banco colocado, e dotar ao espazo dun pequeno xardín con especies arbóreas de crecemento lento e escasa envergadura.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Á retirada da cabina telefónica existente no encontro da Rúa Rosalía de Castro coa Rúa dos Lagartos.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 35

Á retirada do banco colocado e á súa recolocación noutro espazo mais axeitado.

A levar a cabo o axardinamento do citado espazo deixando unha beirarrúa de, cando menos, dous metros de ancho.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que a retirada da cabina xa foi solicitada a Madrid e se está a espera de que sexa retirada. En canto á retirada do banco, non se cuestionan as recomendacións desa guía, pero foi unha petición de varios veciños e é unha zona na que non molesta, en principio vai a quedar aí. A zona de axardinamento non se contempla.

- No paseo Ramiro Recouso Liste, especialmente nas inmediacións de onde se atopan confinados os animais, existe unha auténtica praga de pulgas, piollos e outros parasitos.

Varias persoas teñen amosado ao grupo municipal do BNG a súa preocupación ao respecto deste asunto, posto que as súas mascotas e mesmo nalgunhas ocasións ata seus fillos ou fillas, teñen sufrido picaduras ou chegada á casa con estes visitantes inesperados, logo de pasear ou xogar pola zona.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se leven a cabo tarefas de desparasitación da zona e dos animais que viven confinados na mesma.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que son conscientes da problemática, pero temos o problema de estar dentro da zona de dominio público hidráulico, por esa razón non podemos executar as tarefas que fala. Coa baixada das temperaturas estes parasitos van a desaparecer. Vai a darse traslado á brigada de obras se poden facer algunha actuación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que haberá que estudar o método menos agresivo ou falar con Augas de Galicia para ver que permiten. Se se quere ser tan respetuoso con dominio público hidráulico habería que retirar o valado do río que ten que deixar cinco metros de paso. Roga que se estude, é un problema que se da, que a xente demanda a súa solución.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que formula os rogos seguintes:

- Varios veciños/as da parroquia de Ardemil informáronnos da existencia de lixo nas proximidades dunha das pistas da parcelaria en Cabeza de Lobo (achegamos as coordenadas 43,1326870, -8,3699320). Como se pode ver nas imaxes que aportamos hai varios elementos contaminantes como rodas, plásticos, un bidón cheo de aceite usado entre outros.

Por tanto, rogamos e solicitamos o señor Alcalde:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 36

A súa retirada e limpeza o máis axiña posible xa que todos estes residuos sitúanse preto dun regato.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que xa se puxo en coñecemento da policía local e da empresa para a súa retirada.

- Na parroquia de Buscás en Faramilláns, un dos espellos de tráfico atópase deteriorado como se pode ver nas fotos que se achegan.

Por tanto, rogamos e solicitamos o señor Alcalde:

A súa reparación ou substitución.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que se dará traslado á brigada de obras.

- No cruce do Castro (Leira) fai unhas semanas produciuse un accidente. Un veciño da zona informounos que as liñas do vial estaban algo borrosas, sobre todo o sinal de stop e comentounos se sería posible pintar ben a liña divisoria dos carriles polo menos nas proximidades do cruce.

Solicitamos o señor Alcalde:

O repintado do vial neste cruce.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que se procederá ao pintado canto antes.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula os preguntas seguintes:

- O pasado día 29 de agosto no lugar de O Seixo procedeuse a retirar un niño de velutina do que adxunto fotos do estado no que quedou despois de “supostamente ser retirado”.

Os Veciños remitíronme queixas de que non se realizou como é o debido xa que na zona quedaron larvas vivas e parte do niño quedou pegado no lugar onde estaba ubicado.

É polo que formulo ao señor alcalde a seguinte pregunta:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 37

¿Como se está a facer a retirada de este tipo de niños, e si se cumpre co establecido para que a retirada sexa efectiva?.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que estas tarefas as fai a brigada de obras, tratan de facelo da mellor maneira posible, atendendo a solicitude nun prazo máximo de corenta e oito horas. Se hai algún fallo poñerase en coñecemento e tratarase de resolver o antes posible.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Dado que o goberno municipal ven de solicitarlle aos integrantes da corporación municipal propostas para os presupostos do ano 2019, creemos que sería interesante a celebración dun Consello da Emisora Municipal para estudar posibles investimentos precisos para mellorar o funcionamento de radio Ordes.

Por todo iso preguntamos ao alcalde ao seguinte:

¿Cando ten pensado convocar o Consello da Emisora Municipal?.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que a modificación do regulamento foi publicado o 21/09/2018, convocarase no mes de outubro.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e dúas horas e oito minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

A ALCALDESA EN FUNCIÓNS

O SECRETARIO